



MÁIS DE 400 REPRESENTANTES DE SOCIEDADES DE CAZA DARANSE CITA NO "I ENCONTRO POLA CAZA"

Baixo o lema "Bases para unha caza social na Galiza do século XXI", este sábado (21 de abril), a partir das 10 horas, terá lugar en Santiago de Compostela (Hotel Congreso), o primeiro foro-debate co que a Federación Galega de Caza inaugura os ENCONTROS POLA CAZA. O acto inaugural correrá a cargo do Presidente da Federación Galega de Caza, José María Gómez, e do Director Xeral de Conservación da Natureza, José Benito Reza.

Neste I Encontro, no que se avaliará a situación actual da caza en Galiza, a través do "incendios forestais", "danos producidos pola Caza", "situación da caza menor", e "posturas anti-caza", está confirmada a asistencia de máis de 400 representantes de sociedades de caza de toda a Comunidade.

Esta iniciativa promovida pola Federación Galega de Caza pretende marca-las pautas das futuras actuacións federativas en materia cinexética.

Gabinete de Comunicación
www.federaciongalegadecaza.com